


PLAN DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA



CEIP PLURILINGÜE SANTA MARÍA
CURSO ESCOLAR: 2023-24
COORDINADOR DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA:
SANTIAGO SAYÁNS AMO

ÍNDICE

1.	<i>Composición do Equipo de dinamización da lingua galega</i>	3
2.	<i>O centro e a realidade socioeconómica do seu contorno</i>	4
3.	<i>A lingua do alumnado</i>	4
4.	<i>Cumprimento do establecido no Decreto 79/2010 para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galicia</i>	5
5.	<i>Plan de actuación do Equipo de dinamización da lingua galega: obxectivos.</i>	6
6.	<i>Actividades culturais previstas para o curso 2022/2023.....</i>	7-11
7.	<i>Temporalización</i>	12
8.	<i>Orzamento</i>	12
9.	<i>Procedementos para avaliar a propia programación</i>	13

Introdución:

O Equipo de dinamización da lingua galega (EDLG) do CEIP Plurilingüe Santa María quere promover o emprego do galego en toda a comunidade educativa coa finalidade de camiñar cara a tan desexada normalización. Ademais, busca contribuír co seu traballo a difusión da cultura propia; apoiar iniciativas a prol do emprego común e sen complexos do galego, con valor e gran respecto cara a nosa lingua.

O desenvolvemento do presente plan de dinamización lingüística está suxeito a revisións e posibles cambios; considerando propostas que permitan unha mellora do mesmo.

1.- Composición do Equipo de dinamización da lingua galega do CEIP Plurilingüe Santa María

O Equipo de dinamización da lingua galega (EDLG) do CEIP Plurilingüe Santa María (As Pontes) estará formado durante o ano académico 2022-2023 polos seguintes membros:

- Claudia Berdeal Núñez.
- Iria Coello Alonso.
- Uxía Estévez Pateiro.
- Iria López López.
- Rodrigo López –Felpeto Beres.
- Santiago Sayáns Amo, Coord. do equipo.

2.- O centro e a realidade socioeconómica do seu contorno.

O CEIP Plurilingüe Santa María está situado en As Pontes, a el acoden alumnos/-as de Infantil e Primaria.

Xeográficamente, As Pontes pertence á provincia da Coruña e está situado na comarca do Eume. En canto a actividade socioeconómica, destaca o sector industrial. Non obstante, o concello de As Pontes conta cunha poboación con tendencia ao decrecemento.

3.- A lingua do alumnado.

Lingüisticamente atopámonos no complexo lingüístico ou bloque central, que pertence a todos os falares do nordés e interior da Coruña. Constitúe o bloque con trazos máis heteroxéneos, entre os que diferenciamos os seguintes:

- Presencia de gheada na zona occidental.
- Ausencia case total de seseo.
- Ditongo oi(t).
- Mantemento do ditongo ai diante de x.
- Solución das terminacións latinas –ANU, -ANA en –ao, -á.
- Solución da terminación latina –INU en iño.
- Plural dos nomes acabados en –n en –s.
- Plural dos nomes acabados en –l en –les.
- Alternancia pronomes *ti/tu*.
- Distinción entre te e che.
- Uso da contracción llo (referido al/ela) e llelo (referido a eles/a elas).
- Formas masculinas dos demostrativos e do pronome persoal de 3ª persoa iste, ise, aquil, il, na área lucu-auriense; formas neutras isto, iso, aquilo no norte da Coruña.
- Pronomes *nosoutros/-as*. Presenta maior orixinalidade no léxico.

Os usos lingüísticos do alumnado inciden no predominio da Lingua Castela.

4.- Cumprimento do establecido no Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

O centro considera, asume e utiliza o galego como lingua propia e de uso diario nas diferentes manifestacións da súa vida: na administración interna, nas relacións coa administración educativa e cos distintos sectores da sociedade galega en xeral, nas

relacións co contorno, nas relacións profesorado-alumnado-familias durante toda a xornada escolar, etc.

O CEIP Plurilingüe Santa María comprométese co ensino da propia materia de Lingua Galega e Literatura e co fomento do seu dominio, así como, co aprecio á nosa lingua por parte do alumnado e da comunidade educativa en xeral e cumprimento da lexislación vixente utilizando o galego como lingua vehicular no ensino de diversas materias, tal e como se establece no Proxecto Lingüístico de Centro (PLC).

O Equipo de dinamización da lingua galega velará polo cumprimento do acordado no PLC e establecerá un programa de actividades de fomento da lingua galega, con especial atención as liñas de actuación que permitan un incremento no uso do galego nas actividades complementarias e extraescolares e da biblioteca.

5.- Plan de actuación do Equipo de dinamización da lingua galega: obxectivos.

A finalidade deste Programa de dinamización é a consecución da normalización lingüística e o traballo encamiñado á eliminación dos prexuízos lingüísticos fomentando actitudes positivas cara a todas as linguas. A escola debe ser coherente coa situación lingüística da contorna e compensadora do desequilibrio que se poida dar. O citado plan contempla os seguintes *obxectivos*:

1.- Fomentar o cumprimento da lexislación vixente, acadando, e superando, os seus aspectos mínimos e imprescindibles: o galego como lingua da administración educativa, das relacións orais e escritas profesores-alumnos, das relacións e comunicacións escola-pais, das actividades extraescolares, da observación e do estudo do contorno, da aprendizaxe da lectoescritura, da aprendizaxe e da expresión nas materias.

2.- Cumprir co establecido no PE en canto ao ensino, a utilización, a promoción e a normalización do idioma galego: lingua propia de Galicia, do centro, do contorno e, en consecuencia, de toda a comunidade educativa.

3.- Incentivar a investigación e o coñecemento de As Pontes, o concello no que se asenta o centro e no que vive a meirande parte do alumnado, nas súas diversas manifestacións económicas, sociais, culturais, linguísticas, artísticas, etnográficas e históricas.

4.- Asesorar, desde o punto de vista lingüístico e cultural a todo o profesorado, coa fin de darlle a coñecer ao profesorado as novas bibliografías, fonografías e videografías en galego e asesorar ao centro na adquisición destes materiais.

5.- Difundir entre toda a comunidade educativa unha información cultural permanente utilizando os medios de publicidade ao noso alcance (correo) e os taboleiros colocados en lugares comúns do centro como medios transmisores de dita información.

6.- Fomentar entre o alumnado manifestacións escritas e orais, apreciación do contorno e unha mellora valoración da súa lingua e do propio. cultura.

7.- Mellorar a calidade da lingua dos/das alumnos/-as e enriquecer o seu galego para unha correcta utilización en calquera rexistro da fala e da escrita.

8.- Motivar a participación de profesorado e alumnado, e pais/nais cando sexa necesario, nas distintas actividades culturais que, adaptadas as idades do alumnado, ao longo do ano se leven a cabo en As Pontes: teatro, concertos, títeres, conferencias, exposicións...

9.- Asesorar e participar nas distintas celebracións de carácter festivo conmemorativo-cultural que se leven a cabo ao longo do ano no centro.

10.- Colaborar estreitamente cos distintos equipos de dinamización do centro, e dun xeito mais específico co Equipo de dinamización da biblioteca e co Departamento de actividades extraescolares.

6.- Actividades culturais previstas para o curso 2023/ 2024

O Equipo de dinamización da lingua galega **colaborará estreitamente coa Comisión de Coordinación Pedagóxica**, co **Equipo de Dinamización da Biblioteca** e co **Departamento de Actividades Extraescolares** no relativo a elaboración e a posta en marcha da programación cultural do centro.

Cabe sinalar que **esta programación ten un carácter aberto**, xa que ao longo do curso **poden incorporarse novas actividades** que se consideren interesantes.

Calquera modificación que poida sufrir esta programación quedará reflectida na **Memoria final** do curso.

A día de hoxe, as actividades que prevé levar a cabo o EDLG son as seguintes:

ACTIVIDADE 1: PARTICIPACIÓN EN CONCURSOS/CERTAMES

Ao longo do curso adoitan chegar ao centro diversas propostas de participación en concursos e certames de distinta índole. O EDLG encargárase de dar publicidade a estes eventos para que aqueles membros da comunidade educativa que así o desexen poidan participar nos mesmos. Como por exemplo, o concurso do relato oral “Tíralle da lingua” ou o concurso de “Coreograffate”.

ACTIVIDADE 2: RECOMENDACIÓNS DE LECTURAS

Confección dun panel, por parte do alumnado de Educación Primaria e Infantil onde expor datos ou imaxes sobre os libros de lectura cos que traballan en cada trimestre: personaxes principais, personaxes secundarios, tema(-s), opinións persoais, valoracións... O obxectivo desta actividade é que o alumnado comparta a súa experiencia como lectores/-as co resto da comunidade educativa.

ACTIVIDADE 3: CELEBRACIÓN DAS CONMEMORACIÓNS

O Samagosteen, onde facemos actividades englobando as tres conmemoracións do magosto, samaín e halloween, celebrarase en colaboración coa biblioteca facendo diferentes actividades e concursos, contar contos de medo, elaboración de “Conxuros” nas que os nen@s elaborarán un conxuro en galego, actividades con xogos tradicionais acompañadas de cancións tradicionais. O día contra a violencia de xénero farase un mural. Entroido elaboración dun meco. Faranse diversas actividades nas restantes conmemoracións, Día de Rosalía, Día da paz, Día do libro, Día das artes galegas...

ACTIVIDADE 4: SEMANA DA PRENSA

Elaboración dun periódico do colexio por todo o alumnado de infantil e primaria con noticias elaboradas polos propios nenos e nenas sobre temáticas variadas, pero

centrándonos especialmente no proxecto de “A Lili do futuro”, tendo en conta os Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles (ODS). Comezarse a elaborar a inicios de febreiro repartindo temáticas por niveis para rematalo a finais de febreiro e poder editalo e difundilo no colexio durante a semana da prensa do 7 ao 10 de marzo. Normas: prazo de entrega finais de febreiro e formato preestablecido de DIN A3.

ACTIVIDADE 5: PRESENTACIÓN DIXITAL SOBRE a Autora homenaxeada nas Letras Galegas

Realizarase unha presentación sobre Luisa Villalta Gómez, autora homenaxeada o Día das Letras Galegas no 2024, coa fin de achegar a súa vida e obra á toda a comunidade educativa. A idea inicial é realizar unha presentación en formato dixital para darlle publicidade na web do centro e entre o alumnado. Tamén se ten previsto recitar algunha obra da homenaxeada acompañada por un violinista, xa que Luisa Villalta era violinista.

ACTIVIDADE 6: CELEBRACIÓN DÍA DAS LETRAS GALEGAS:

Na primeira parte da mañá (as tres primeiras sesións antes do recreo) levaranse a cabo dentro das aulas actividades, xogos e tarefas relacionadas coa homenaxeada o día das letras galegas. Despois do recreo, terán lugar diversos xogos organizados e distribuídos por niveis. Entre os xogos propostos atópanse os xogos populares, o xogo de mesa “Pasapalabra” e os “Escornabots” que versarán sobre preguntas da autora homenaxeada este día.

ACTIVIDADE 7: CONCURSO DE DEBUXO “SENTIR EN GALEGO”

Con esta actividade preténdese atopar unha imaxe que illustre unha poesía ou relato curto “Sentir en galego”.

Velaquí as bases do concurso (serán revisadas polo EDLG antes de facer pública a convocatoria, polo que **poderían sufrir algunha modificación**):

- Participación individual (poderán participar tod@s @s alumn@s do CEIP Santa María, dende Educación Infantil ata 6º de E.P.).
- Cada alumn@ poderá presentar un só debuxo feito a man (calquera técnica será válida) en folio (tamaño A4).

- Preferiblemente, no debuxo debe aparecer o seguinte texto: “Sentir en galego”.
- O nome completo e o curso d@ participante deberán figurar no reverso do traballo presentado.
- Valorarase a orixinalidade e a boa presentación.
- O xurado poderá declarar deserto o premio se considera que os traballos presentados non teñen a mínima calidade.
- O/A autor/-a do debuxo máis votado polo xurado recibirá o seguinte premio: libro e diploma de participación.

ACTIVIDADE 8: I CONCURSO DE POESÍA E RELATO CURTO “SENTIR EN GALEGO”

Velaquí as bases do concurso (serán revisadas polo EDLG antes de facer publica a convocatoria, polo que **poderían sufrir algunha modificación**):

Poderán participar @s alumn@s do CEIPP Santa María, segundo as seguintes categorías:

CATEGORÍA INFANTIL:

Participación grupal coa supervisión das súas titoras.

Agasallo de participación: material escolar para as aulas de Infantil.

CATEGORÍA A - (1º, 2º E 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA) Participación

Individual. O alumnado de 1º pode facelo en grupo.

Cada alumn@ poderá presentar un poema (mínimo 4 versos / máximo 12 versos) ou un relato curto (mínimo 5 liñas / máximo 20 liñas).

CATEGORÍA B - (4º, 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA) Participación

individual.

Cada alumn@ poderá presentar un poema (mínimo 8 versos / máximo 20 versos) ou un relato curto (mínimo 10 liñas / máximo 30 liñas).

TEMÁTICA:

Temática relacionada co proxecto de biblioteca de coidado da saúde.

FORMATO:

O idioma empregado debe ser o galego.

O nome completo e o curso d@ participante deberán figurar no reverso do traballo presentado.

Os traballos poderán ser presentados escritos a man ou a ordenador (folio en posición vertical). Non se admitiran traballos feitos a lapis.

Poden incluír imaxes.

Cada poema ou relato debe ter “título”.

Valorarase a orixinalidade e a boa presentación.

O xurado poderá declarar no válido algún dos premios se considera que non teñen a mínima calidade.

PRAZO DE PRESENTACIÓN:

@s alumn@s entregaran os traballos aos/as titores/-as; unha vez rematado o prazo de presentación, os/as titores/-as entregaran o material recollido a algún dos membros do profesorado que forman parte do EDLG, que farán chegar os poemas e os relatos curtos presentados a concurso ao xurado encargado de valorar ditos traballos.

PREMIOS:

Haberá dous premios por categoría (categorías A e B):

1º premio: Libro de regalo e diploma de participación.

2º premio: Libro de regalo e diploma de participación.

EXPOSICIÓN:

Os traballos premiados serán publicados na web do centro e en murais do centro.

ACTIVIDADE 9: ANIMACIÓN Á LECTURA

Colaboración coa Biblioteca participaremos nunha campaña de animación a lectura dirixida ao alumnado do centro.

ACTIVIDADE 10: DIFUSIÓN DA CULTURA GALEGA

Ao longo de todo o curso académico realizaranse murais, exposicións, saídas ou excursións á contorna da localidade para favorecer no alumnado o coñecemento da cultura galega, das costumes, xeitos, fauna, flora, arte, literatura, música, xogos

tradicionais, entre outros. Nomearase cada clase cun persoeiro recoñecido e valorado a nivel galego pola súa aportación a cultura e lingua galega.

Realizarase en colaboración co equipo de biblioteca e co de actividades extraescolares.

7.- Temporalización.

A actuación do EDLG terá carácter permanente para poder acadar os obxectivos expostos con anterioridade. Eventos como as celebracións culturais do centro incluso teñen data sinalada: Magosto, Entroido, Letras Galegas... Outros proxectos terán unha temporalización mais ampla.

<i>Título da actividade</i>	<i>Temporalización</i>
Participación en concursos/certames	Ao longo de todo o ano académico
Murais cultura galega	Ao longo de todo o ano académico
Recomendacións de lecturas	1º, 2º e 3º trimestre
Presentación dixital sobre a	Proxección durante a Semana das

autora homenaxeada	Letras Galegas
Xogos populares, Escornabots e xogos de mesa	Día das letras galegas
Meco	Entroido
Concurso de debuxo “Sentir en galego”	3º trimestre
Concurso de poesía e relato curto “Sentir en galego”	3º trimestre
Celebracións	Datas concretas das conmemoracións
Contacontos Samaín	1º trimestre

8.- Orzamento.

Para desenvolver as actividades anteriormente citadas, o Equipo de dinamización da lingua galega prevé contar co financiamento do colexio durante o primeiro trimestre. No segundo trimestre, e despois da solicitude do proxecto esperamos contar coa axuda da Consellería de Educación por participar na convocatoria dirixida a financiar os traballos extraordinarios dos Equipos de dinamización da lingua galega (*Proxecto de fomento de uso do galego*). Dependendo da contía final, levaranse a cabo ou non todas as actividades que precisan dun desembolso económico.

9.- Procedementos para avaliar a propia programación.

Os procedementos empregados polo Equipo de dinamización da lingua galega para avaliar a propia programación son os seguintes:

- Achega de propostas e suxestións para mellorar a programación de cara ao seguinte ano académico.
- Valoración das actividades realizadas e xustificación daquelas que non se poida levar a cabo.
- Valoración dos recursos e materiais empregados.
- Valoración da temporalización e xustificación dos posibles desaxustes.

Estas valoracións quedaran reflectidas de forma puntual no libro de actas do Equipo de dinamización da lingua galega, así como na Memoria final de curso.

En As Pontes, 28 de setembro de 2023

Asdo. Santiago Sayáns Amo
Coordinador do EDLG